



MODEPEN

Movemento Galego pola
Defensa das Pensións e os
Servizos Públicos

As Recomendacións do Pacto de Toledo e os Plans de Pensións Privados de Empresa: porqué os rexeitamos desde o movemento de pensionistas.

O texto que sigue foi publicado, en dúas partes, na edición en papel do xornal Nós Diario dos días 5 e 6 de xaneiro de 2021. Está accesíbel en internet co título de [“Sobre os Plans de pensións Privados \(I\)”](#) e [“Sobre os Plans de pensións Privados \(II\)”](#). O texto está asinado por Gonzalo Balo Mosquera e Francisco L Vázquez Vizoso, membros do MODEPEN.

As importantes mobilizacións que as persoas pensionistas protagonizamos sobre todo en 2019, mais tamén en 2020 malia a pandemia, conseguiu mudar os termos do debate público sobre as pensións, e supuxo o agromar dun novo e potente movemento social na Galiza e en todo o Estado.

O movemento social dos pensionistas veu para ficar e, aos poucos, vai consolidándose e clarificando as súas reivindicacións. Do rexeitamento inicial da proposta de incrementar as pensións só nun 0,25% sen ter en conta o incremento do IPC, o movemento foi quen de ampliar os seus obxectivos á defensa global do actual sistema público de pensións e ao rexeitamento rotundo dos intentos de privatizalo. Por outra banda, a pandemia de COVID, coas seu tristes consecuencias nas residencias, fixo aboiar a terríbel realidade do sistema de dependencia que existe na actualidade en Galiza e no conxunto do Estado, un sistema caracterizado pola súa forte demanda e dificultade de acceso, a súa enorme privatización, e por ter uns prezos carísimos para os usuarios. Os pensionistas galegos, xunto cos familiares das persoas usurarias das residencias e as traballadoras destas, estivemos comprometidos na loita pola mellora das condicións dos usuarios dos servizos de dependencia, e fixemos noso e reivindicamos con forza a necesidade de construír un sistema de servizos sociais para os maiores e dependentes que sexa 100% público.

As mobilizacións en defensa das pensións públicas está conseguindo poñer en cuestión o relato neoliberal sobre as pensións, que persegue basicamente precarizalas co obxectivo central de privatizalas.

As importantes mobilizacións dos e das pensionistas, mudaron os termos do debate público sobre as pensións e conseguiron que algunhas das nosas reivindicacións figuren recollidas nas chamadas “Recomendacións do Pacto de Toledo” que o pleno do Congreso dos Deputados aprobou o pasado 19 de novembro.

As “Recomendacións” teñen algúns **aspectos positivos**: que os denominados “gastos impropios da Seguridade Social” (fomento do emprego, prestacións non contributivas, subvencións a réximes especiais) pasen a ser sufragados polos Orzamentos Xerais do Estado; o compromiso de manter un sistema de pensións “de reparto” baseado na solidariedade entre xeracións; a promesa de que as pensións subirán co IPC; así como o recoñecemento da discriminación económica das mulleres.

Mais, xunto a estes aspectos positivos, mantéñense decisivos **elementos negativos**: non se derogou o Factor de Sostibilidade que entrará en vigor a máis tardar o 1 de xaneiro de 2023 e que permite reducir a contía das pensións iniciais en función da esperanza de vida; tampouco se modificou a Lei Xeral da Seguridade Social para garantir o mantemento do poder adquisitivo mediante subas iguais ao IPC real; non se garante constitucionalmente o financiamento do gasto en pensións; mantense a idade de xubilación aos 67 anos; non se derogan as reformas das pensións aprobadas en 2011 e 2013, nin as reformas laborais de 2010 e 2012; e tampouco se establece unha contía da pensión mínima igual ao SMI de 950€, até chegar ao 60% do salario medio, como recolle a Carta Social Europea; non se di nada sobre a evidencia de que “fondo de pensións” foi baleirado ao servizo de obxectivos que nada tiñan que ver coas pensións e non se fala da súa recuperación; ...

Mais, sen dúbida, **a grande novidade negativa é a Recomendación número 16**, que persegue introducir os denominados Plans de Pensións Privados de Empresa.

A Recomendación número 16 do Pacto de Toledo 2020, ten por título “Sistemas Complementarios”, e afirma literalmente:

“A Comisión subliña a necesidade de promover, de xeito preferente, os sistemas apoiados na negociación colectiva, de emprego ... a estas entidades deberíaśelles proporcionar un réxime fiscal ... adecuado ... mellorando o actual”.

A aplicación desta Recomendación 16 iniciará o proceso de privatización das pensións públicas. Como analiza nun recente informe elaborado polo economista Xabier Pérez Davila, o que se persegue é a substitución do actual sistema de reparto e solidariedade entre xeracións, por un novo sistema mixto no que a parte de capitalización irá gañando peso paulatinamente.

Para obrigar as traballadoras e traballadores a subscribir plans privados de capitalización, propónse que **na negociación colectiva** se detraia unha parte do salario para financiar plans de pensións privados de empresa, que será entregada ás entidades xestoras, quer dicir, bancos, compañías de seguros, e fondos de investimento. Así unha parte da masa salarial non irá nin aos salarios, nin á Tesourería Xeral da Seguridade Social, senón que alimentará a especulación e as comisións das entidades financeiras.

A aprobación das desgravacións fiscais que se incluírán nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021, marcarán a posta en marcha xeneralizada deses plans de pensións privadas de empresa, que afondará na división das traballadoras e traballadores entre un pequeno grupo de altos salarios que, beneficiándose desas desgravacións, acumulará un importante capital para a xubilación, e unha maioría que percibirá unha pensión pública progresivamente reducida e unha miserábel prestación de capitalización.

José Luis Escrivá, o ministro da Seguridade Social, lidera moi activamente esta ofensiva reaccionaria contra o sistema público de pensións. Hai algo máis de un mes, nunha xornada organizada por Ibercaja declarou:

1. Que creará un “macrofondo de promoción pública e xestión privada”.
2. Que en breve prazo máis de 9 millóns de traballadoras e traballadores deberán estar asociados aos fondos de capitalización.
3. E que vai “lexislar moi rápido” para facelo realidade.

Se a grande estafa da Grande Crise Financeira foi a privatización das Caixas de Aforro, a grande estafa da Pandemia da COVID será a privatización da protección social para a vellez. Ese é o agasallo que Escrivá lles quere entregar aos bancos aproveitando da desmobilización producida pola COVID-19.

Chamamos aos partidos políticos que defenden o sistema público de pensións a que presenten emendas contra as desgravacións fiscais a favor dos plans privados de pensións, sexan individuais ou de empresa. Agradecemoslle a forzas políticas como o BNG, ERC, EH-Bildu e as CUP que non apoiaran co seu voto as recomendacións do Pacto de Toledo, e esperamos que manteñan a mesma posición no futuro. Solicitámoslle a Unidas Podemos que rectifique o seu voto positivo ás recomendacións do Pacto de Toledo, e que vote contra as desgravacións aos plans de pensións de empresa, cando se pretendan aprobar no parlamento español. E pedímoslles ás parlamentarias e parlamentarios do PSOE que non cedan diante da asa neoliberal do Goberno liderada por Calviño e Escrivá, e sexan leais aos principios socialdemócratas que afirman defender, negándose a abrir a porta á privatización das

pensións.

Por outra banda, é necesario tamén que as traballadoras e traballadores afiliados a CCOO e UGT esixan das súas direccións unha rectificación inmediata do seu apoio aos Plans de Pensións Privados de Empresa, e deixen de aceptar a rotura do sistema de pensións de reparto na Mesa de Diálogo Social que comparten co goberno e as patronais CEOE e CEPYME. Todos os sindicatos de clase que coxestionan fondos de pensións privados de empresa, deberían ser coherentes e renunciar a facelo, malia que lles poida supoñer renunciar aos substanciais beneficios económicos que hoxe obteñen por esa coxestión.

O actual sistema de pensións de reparto é unha conquista da civilización humana. Seguiremos mobilizándonos na súa defensa, porque ***goberne quen governe as pensións públicas deféndense!***

Referencias:

1. O MODEPEN e as Recomendacións do Pacto de Toledo. 29 de outubro de 2020. Accesíbel en http://www.modepen.org/wp-content/uploads/2020/12/201029_O-MODEPEN-e-o-Pacto-de-Toledo.pdf
2. Xabier Pérez Davila. Os Plans de Pensións de Empresa: análise da Recomendación 16 do Pacto de Toledo. 12 de decembro de 2020. Accesíbel en http://www.modepen.org/wp-content/uploads/2020/12/Plans-de-empresa_XPD_16P_final.pdf



MODEPEN

Movemento Galego pola
Defensa das Pensións e os
Servizos Públicos